

Xoves, 13 de agosto de 2020

Núm. 155

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TUI

Persoal, oposicións

*NOVA APERTURA DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS PROCESO SELECTIVO
FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA PRAZAS ARQUITECTO/A*

PROCESOS DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA DE NOMEAMENTOS INTERINOS DE ARQUITECTO.

*NOVA APERTURA DE PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS PARA O PROCESO SELECTIVO
FORMACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE
ARQUITECTO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, ENCADRADAS NO GRUPO A,
SUBGRUPO A-1, PROCESO EXPEDIENTE 230/2020.*

Con data 03/07/2020, aprobáronse, por Resolución da Concellería delegada de persoal, as Bases de selección para formación dunha lista de reserva para prazas de arquitecto, grupo a, subgrupo A-1.

Con data 04/08/2020, mediante Resolución da Concellería delegada de persoal se estimou o recurso de reposición interposto por Don José Magdalena Nogueira, alterándose o prazo de presentación de instancias e resolvendo a apertura de novo prazo de presentación de instancias polo prazo de 10 días hábiles.

As instancias polas que se solicita formar parte no proceso selectivo, dirixíranse ó alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra

As bases íntegras e a resolución estimatoria do recurso de reposición, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) e na súa páxina web, www.tui.gal.

O Concelleiro delegado de persoal, José Ramón Magán Rivera.

Tui, á data da sinatura dixital á marxe.

